

O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931).

A II República proclámase **cunha conxuntura internacional desfavorable**. Desde o punto de vista socioeconómico no mundo estanse a sufrir as consecuencias da crise de 1929, A Grande Depresión. Os efectos da crise empezáronse a notar a partir de 1932 coa caída das exportacións, o descenso da demanda de produtos industriais, a paralización da emigración e o regreso masivo de emigrantes, acompañado por un ascenso moi notable do desemprego, factores que contribuíron a incrementar a inestabilidade e malestar social. Ademais a conxuntura económica negativa limitará as políticas do Estado republicano á hora de aplicar coa intensidade demandada as Reformas económicas e sociais. Politicamente, o período coincide cun ascenso dos autoritarismos: O fracaso das repúblicas democráticas ante o espallamento da crise económica e o incremento das tensións sociais facilitará ó acceso ó poder de solucións autoritarias. Destacan os exemplos do xeneral Pilsudski en Polonia, Oliveira Salazar en Portugal, Hitler en Alemaña, Dollfuss en Austria...

Desde 1930 era evidente o espallamento da idea da República como única alternativa posible.

A isto contribuíu non só a actividade de notables republicanos como Azaña, senón tamén a **conversión ó republicanismo** de importantes figuras que colaboraran coa Monarquía como **Alcalá Zamora ou Miguel Maura** e a voz de significados **intelectuais** como Unamuno ou Ortega Gasset.

Desde 1930 asístese a un proceso de converxencia das forzas republicanas. En agosto de 1930 reúnense en San Sebastián, **Pacto de San Sebastián**, republicanos e nacionalistas que chegan ós acordos de ***derrocar á Monarquía, establecer a República Parlamentaria, garantir a liberdade política e relixiosa, convocar eleccións a Cortes Constituíntes, recoñecemento da Autonomía ás rexións e formar un Comité revolucionario que actuaría como Goberno Provisional***. A estratexia para acadar a chegada da República combinaba a celebración de grandes actos públicos para incrementar os apoios á República coa vía insurreccional combinando a convocatoria dunha folga xeral coa sublevación de parte do exército. Os intentos de derrocar a Monarquía pola forza, sublevación dos capitáns **Galán e García Hernández en Jaca** e de **Ramón Franco e Queipo de Llano en 4 ventos, fracasaron**. Sen embargo, o fusilamento dos 2 capitáns, convertidos en mártires da República, contribuíu a incrementar a oposición á Monarquía á que se suman os intelectuais que crean a Agrupación o Servizo da República. Mentras tanto, o **goberno Berenguer non foi capaz de contribuír a estabilidade da Monarquía** durante a súa “ditabranda” dada a lentitude do restablecemento das liberdades, a inexistencia dunha política de reformas e a continuidade de prácticas autoritarias. Aínda que fora substituído polo Almirante Aznar en febreiro de 1931, a realidade que se albiscaba era a soidade na que se atopaba Afonso XIII e a **falta de futuro da Monarquía**. O goberno planeou a celebración de eleccións como medio de asentar o sistema político, primeiro municipais(convocadas para o 12 de abril) seguidas de provinciais e logo xerais.

Xa as **eleccións municipais** se converteron nun **verdadeiro plebiscito** entre a Monarquía e República. A novidade era que o resultado sería aceptado tanto polo goberno como polas Forzas Armadas. **O 14 de abril de 1931**, antes de coñecerse o resultado oficial das eleccións municipais do día 12, **proclámase a II República**. Máis que polo triunfo dunha iniciativa republicana, a implantación da República ven dada **pola incapacidade de consolidación da Monarquía tralo fracaso da Ditadura de Primo de Rivera e grazas o pulo popular de aclamación da República trala vitoria nas eleccións municipais das candidaturas republicanas nas principais cidades de España**

O triunfo das candidaturas republicanas nas cidades e na maioría das capitais de provincia (41 de 50) produciron unha vaga de proclamacións da República en distintas localidades desde a madrugada do día 14 de abril (Eibar a primeira). Ó non contar con apoios ante a negativa de intervención da Garda Civil e do exército, **Afonso XIII abandonará España**, mentres os membros do comité revolucionario, formado a partir do Pacto de San Sebastián, asumirán o **goberno provisional da República, presididos por Alcalá Zamora**.

O goberno está formado polas forzas políticas asinantes do Pacto de San Sebastián, desde a Dereita Republicana (Maura e Alcalá Zamora), membros do Partido Radical (Lerroux), republicanos de esquerda (Azaña) e representantes de partidos rexionalistas de Galicia (Casares Quiroga da ORGA) e Cataluña, así como socialistas como Prieto (que estivo a título persoal na reunión, o PSOE unírase posteriormente ó Pacto) ou Largo Caballero.

Os principais obxectivos do goberno serán a **democratización e modernización de España**. O goberno decretou unha **Amnistía xeral** e, xa no **1º decreto**, facía unha declaración de principios como a **liberdade de crenzas e cultos, liberdades políticas e sindicais, dereitos e o respecto á propiedade privada, pero contemplando tamén a súa función social**. Os primeiros decretos intentaron **mellorar as condicións dos traballadores agrícolas e industrias e conseguir a adhesión do exército ó novo réxime, como a obrigatoriedade do xuramento de lealdade ou o de retiro voluntario**. O goberno convocará eleccións a Cortes Constituíntes que terán o seu cumio na **Constitución de 1931**.

Os problemas máis importantes cos que se atopa a 2ª República son a **integración territorial, o problema relixioso e o problema agrario**.

A República debía procurar un compromiso con Cataluña e País Vasco que pretendían proclamar a súa propia República. Maciá proclamou o 14 de abril a República de Cataluña dentro da República Española, seguindo o criterio federal. O goberno republicano conseguirá que Maciá abandone a idea federal en troques do recoñecemento do goberno autónomo da Generalitat e a elaboración dun proxecto de estatuto de Autonomía. O **modelo que implantará a República será o Estado Integral** que contemplaba as Autonomías das rexións,

A cuestión relixiosa, converteuse desde un principio nun tema conflitivo. A Igrexa Católica crecera considerablemente durante a Restauración, destacando polo seu control social e polo predominio na educación. **O republicanismo avogaba polo laicismo, a secularización e a separación Igrexa-Estado**. Os decretos que prohibían a transferencia ou venda dos bens da Igrexa e o que remataba coa obrigatoriedade da materia de relixión na escola, puxeron en contra da República á maioría dos bispos. **Os sucesos de maio**, coa queima de conventos en Madrid e outras cidades, deron lugar a unha crise de goberno e o **inicio do afastamento dos católicos da República**.

A cuestión agraria foi unha cuestión fundamental que desatou intensos debates e que xerou grandes expectativas e tamén grandes resistencias. A República mediante a **reforma agraria** intentou solucionar o problema de “fame de terras” presente fundamentalmente entre a masa de xornaleiros e braceiros do Sur da Península. Sometidos a condicións económicas e laborais moi duras, a súa situación supuña un problema social moi grave (folgas, ocupación de terras, intentos de implantación de experiencias anarquistas...) que ameazaba a estabilidade política da República.

Forzas Políticas. Principios ideolóxicos e apoios.

A II República nace *con grandes esperanzas e arelas de democratización e de grandes reformas* en prol da *mellora* das condicións sociais, económicas, políticas e culturais de grandes sectores da poboación, especialmente da *pequena e mediana burguesía e do proletariado industrial e agrícola*. Os republicanos abanderaban o fin da vella política, do caciquismo e o triunfo dos **valores democráticos, da defensa das liberdades, a xustiza social, a igualdade, a xeneralización da educación ou a humanidade (co rexeitamento explícito da guerra...)** co obxectivo de **creación dunha sociedade civil soberana e laica**.

Entre os **partidos favorables á República** podemos distinguir os **Partidos Republicanos**, os **Partidos Obreiros** e os **Partidos Nacionalistas**. No caso do PNV, partido conservador e católico, aínda que non era defensor da República, decantárase por ela por mor do recoñecemento da Autonomía para o País Vasco. En Cataluña, **Esquerra Republicana**, o partido hexemónico, liderado por **Maciá e Companys**, aínda que nun principio declarou o Estado catalán dentro do Estado español, tralo recoñecemento da Generalitat en abril de 1931, aceptará e impulsará o proceso de elaboración e aprobación do **Estatut de Autonomía**, o de **Núria de 1931**, que culminará en 1932 coa súa aprobación polo Parlamento español, despois do fracaso do levantamento militar do xeneral Sanjurjo.

En **Galicia** xurdirá antes da proclamación da República a **ORGA**, de **Casares Quiroga**, que reúne a republicanos e nacionalistas. Coa República nacerá o **Partido Galeguista**, de Castelao ou Alexandre Bóveda, principal impulsor do 1º Estatuto de Autonomía de Galicia.

Dentro dos **partidos republicanos**, contrarios á Monarquía, pódense distinguir os partidos de **Dereita republicana**, que non apoian as reformas sociais da República e ás Autonomías, como a **Dereita Liberal Republicana**, liderada por antigos monárquicos como Maura ou Alcalá Zamora, conservadores e católicos que se opoñen á política relixiosa da República e ás Autonomías Maura e A. Zamora dimitiran ante a política relixiosa, artigo 26). O **Partido Radical de Lerroux**, o partido de máis longo percorrido republicano, que nos anos 30 defende unha República moderada e amósase reticente a apoiar as reivindicacións nacionalistas e as reformas sociais de esquerda. En desacordo coa colaboración entre Azaña e os socialistas, serán afastados en outubro de 1931 do goberno polo desacordo na decisión do goberno de manterse no poder 4 anos, en vez de convocar novas eleccións despois de aprobada a Constitución de 1931. Vai estar marcado pola corrupción (estraperlo) e a súa relación con Juan March (contrabandista mallorquino).

Á esquerda dos partidos republicanos podemos destacar **Acción Republicana** de Azaña e **Partido Radical Socialista** de Marcelino Domingo. Estes partidos darán prioridade ós obxectivos políticos máis que ás reformas sociais. A Esquerda republicana e os socialistas compartían ambiciosos obxectivos de reforma: Destruír a influencia reaccionaria da Igrexa e do Exército, relacións laborais máis equitativas, Reforma Agraria e Autonomía para Cataluña, País Vasco, Galicia.

En canto ós **partidos obreiros**, destaca o PSOE, partidario das **reformas sociais que melloren as condicións dos traballadores**. A colaboración entre republicanos e socialistas xa se iniciara en 1909 e aínda que esta se romperá, a partir do Pacto de San Sebastián, o PSOE decide formar parte do Comité Revolucionario en contra da Monarquía.

Outros partidos obreiros son o Partido Comunista de España e o POUM (trostkista).

En canto **ós grupos opositores á República** destacan os **católicos**. Ó rexeitamento da xerarquía eclesiástica da República (actuación do Cardeal Segura) seguiralle a clara política secularizadora, a favor da separación da Igrexa e do Estado e a posta en marcha de medidas contrarias ó predominio social, educativo e económico da Igrexa. O feito de que o goberno non actuara con contundencia ante o estoupido anticlerical que se dá no mes de maio en Madrid e que se expandirá por algunhas localidades do Sur e do Levante, servirá de escusa para o espallamento entre os grupos conservadores da idea de persecución da República contra a Igrexa e a idea de que a República representaba o caos e o desorde, mentres que a defensa da Igrexa estaba asociada ó orde social. A cuestión relixiosa reavivarase durante os debates constitucionais, sendo a aprobación do artigo 26 a causa da dimisión de Alcalá Zamora e Miguel Maura.

Ademais da Igrexa, a República contará coa **oposición dunha parte significativa do exército**, a máis influída polo seu papel de defensor do orde público e da unidade da patria, e dos **africanistas**, valedores dos méritos de guerra e totalmente opostos ante a nova política de ascensos (por antigüidade) así como pola ameaza (nunca cumprida) de revisión dos ascensos que se efectuaran durante a Ditadura de Primo de Rivera. A reforma do exército levada adiante por Azaña avivou este rexeitamento.

Fronte ás esperanzas que a II República avivaba nos sectores sociais máis populares, acentúase **o rexeitamento e o temor dos sectores privilexiados como os terratenentes** (Asociación Nacional de Propietarios de Fincas Rústicas) e **a burguesía financeira e industrial**, que se ven desprazados por primeira vez do centro de decisión, e que vían en perigo o seu status e os seus privilexios. A súa reacción é inmediata e nos primeiros meses asistírase a unha **importante fuga de capitais de España, uns 1.400 millóns de pesetas**, sobre un 15% do total dos depósitos existentes. Ademais **negáranse a aplicar as medidas laborais aprobadas xa polo goberno provisional, como a lei de laboreo forzoso**, incrementando así o malestar e a tensión social en Andalucía e Estremadura fundamentalmente. Estes grupos apoiarán e financiarán a partidos políticos, totalmente contrarios á República

En canto ós **partidos políticos contrarios á República**, son partidos de **extrema dereita, antimarxistas, que defenden o orde social, o catolicismo**. Hai historiadores que diferencian entre os grupos **que non aceptan a legalidade republicana e que pretenden derribala (catastrofistas)**

e os que, indiferentes a monarquía ou república, aceptan a legalidade republicana (accidentalistas).

O obxectivo dos **catastrofistas** era **destruír a República mediante a forza, mediante un levantamento militar**. Podemos distinguir entre grupos monárquicos e fascistas. Entre os **monárquicos** destaca **Renovación Española** de Calvo Sotelo. Contan cos maiores recursos. Conseguirán a axuda da Italia fascista e financiarán ós grupos de extrema dereita. Tamén é monárquico **A Comunión tradicionalista (Carlistas)** buscarán o apoio e financiamento exterior que atoparán en Mussolini. Teñen o apoio dos agricultores navarros e algúns terratenentes andaluces. Contarán cunha milicia armada, o **Requeté**, adestrada en Italia de 1934 a 1936.

En canto ós partidos fascistas, destaca **Falanxe Española das JONS** de José Antonio Primo de Rivera. Fusionouse en 1934 coas JONS (juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista). Os falanxistas, financiados polos catastrofistas, cos seus enfrontamentos violentos coa esquerda (liortas na rúa, asasinatos) contribúen a espallar a idea de “desorde” da República.

En canto ós **partidos accidentalistas**, son Indiferentes ó Réxime político, tanto lles dá Monarquía ou República, a súa preocupación é **evitar as reformas sociais da República**. A maioría dos seus seguidores pertencían á Unión Patriótica e eran membros da Asociación Católica Nacional de Propagandistas e tiñan influencia na prensa, no poder xudicial e nas profesións liberais.

De inspiración católica e apoiado polo Vaticano, creábase o partido de Acción Nacional, **Acción Popular**, (Ángel Herrera, director de El Debate), principal forza política da que nacerá en 1932 a **CEDA** (Confederación Española de Dereitas Autónomas) liderada por Gil Robles (influenciado claramente polo nazismo alemán). Esta formación política (accidentalista segundo algúns autores) contará ademais das asociacións católicas, co apoio de pequenos e medianos propietarios da Meseta e do Norte de España, opostos a calquera posibilidade de reforma agraria. Outras agrupacións de dereitas son **O Partido Agrario e a Lliga Catalana**.

Ademais desta oposición de dereitas, hai que engadir a **oposición á República dos anarquistas**, que ademais da súa rivalidade cos socialistas (acentuada desde o apoio da UXT á ditadura de Primo de Rivera), consideran a República un sistema político burgués ó que opoñerse. A influencia da FAI, tanto no anarquismo en xeral, como na CNT, significará o afastamento da liña sindicalista (Pestaña, Peiró) e o triunfo da estratexia contra a República, defendida por García Oliver, Durruti, da “ximnasia revolucionaria” que consistía no emprego da folga xeral revolucionaria, co obxecto de procurar a revolución social.

Constitución de 1931:

As eleccións a Cortes Constituíntes en xuño de 1931 deron a maioría á conxunción republicanosocialista. Tras ser presentado un proxecto elaborado por unha comisión presidida por Jiménez de Asúa en agosto de 1931, foi aprobada en decembro, despois de apaixonados debates sobre importantes temas como o relixioso, o autonómico, o social ou o sufraxio feminino. A Constitución plasmaba a vontade dunha maioría parlamentaria, republicana de esquerdas e socialista, sen que se procurase un acordo ou consenso coas minorías do Parlamento.

A Const. de 1931 é unha constitución de vangarda, racha coa tradición constitucional española e está influída polas constitucións europeas de entreguerras, pola da República de Weimar de 1919 e pola austríaca de 1920. A Constitución convertíase no cumio do ordenamento xurídico por riba de calquera lei. Para garantir a supremacía da Constitución creábase o Tribunal de Garantías Constitucionais. Por 1ª vez **o Estado proclámase de dereito, democrático e social, integral, é dicir, compatible coas autonomías, e cunha xefatura que rompía coa hereditaria (o Rei) e vitalicia e establecía unha electiva republicana (Presidente da República)**.

España definíase como unha **“República democrática de traballadores de toda clase”**. O seu carácter democrático afirmábase coa soberanía popular e tras recoñecerse, por primeira vez, o sufraxio feminino, a iniciativa lexislativa do pobo e o referendo. O *Parlamento* que se estableceu foi unicameral, quedando suprimido o Senado.

O carácter social do Estado, influído pola Constitución de México de 1917 e a de Weimar de 1919. Os artigos 43, 46, 48 recoñecían dereitos económicos e sociais que contemplaban prestacións por parte do Estado nos eidos de saúde, educación e dereito laboral. A Constitución

propuña un **sistema de economía mixta** e afirmábase o dereito de intervención económica do Estado por mor do interese nacional nas industrias, empresas e calquera riqueza do país. A propiedade privada podía “ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade social” e incluso “ser socializada”.

O Estado recoñeciase como integral, compatible coa **autonomía** dos Concellos e Rexións. Tratába de distanciarse tanto do Estado Unitario como do Federal, (no artigo 13 recóllese que en ningún caso se admite a federación de rexións autónomas). Permitía acceder ó autogoberno a aquelas provincias que **cumprisen tres requisitos**: Iniciativa municipal da maioría dos concellos que comprenderan as dúas terceiras partes do censo electoral, plebiscito coa aprobación dos dous terzos da poboación inscrita no censo electoral e a aprobación polas Cortes españolas. Cataluña en 1932, País Vasco en 1936 e Galicia en 1938 (as 2 últimas en plena Guerra Civil) chegaron a aprobar os seus Estatutos de Autonomía.

A Constitución contemplaba que **o poder legislativo** correspondía a un Parlamento unicameral que controla os orzamentos do Estado e que lle corresponde a petición de responsabilidades do goberno (diferenciaba por primeira vez as responsabilidades políticas, das penais) mediante o voto de censura ou ben o “voto de desconfianza” (en 1933 A. Zamora destituíu ó presidente do goberno Lerroux).

O Xefe do Estado era o Presidente da República. Elixido polos deputados do Parlamento e por uns compromisarios elixidos para a ocasión por 6 anos, non podía ser reelixido. Non gozaba de moitas atribucións, nomeaba e cesaba ó presidente do goberno, previa desconfianza das Cortes. Tiña a facultade de suspender e disolver as Cortes 2 veces, pero podía ser substituído por estas no caso de emprego abusivo das súas facultades (en 1936 Alcalá Zamora, é substituído por Azaña).

O poder executivo correspondíalle ó **presidente do goberno e ós seus ministros**. Necesitaban a confianza do Parlamento e do Presidente da República.

A Constitución establecía unha **radical separación entre a Igrexa e o Estado**. O artigo 3 sinalaba a **non confesionalidade do Estado e asumíase a liberdade de cultos**. Aínda que ía máis alá pois postulaba a extinción do sostemento do culto e clero e facultaba no artigo 26 ás Cortes a extinguir (Órdenes religiosas que estatutariamente impondan un voto especial de obediencia a autoridade distinta de la legítima del Estado), os Xesuítas, e incautar todos os seus bens. O art. 27 esixía a autorización previa do goberno para calquera manifestación pública do culto e ordenaba a secularización dos cemiterios, medidas desenvolvidas na Lei de Confesións e Congregacións relixiosas.

En canto os **dereitos**, eran recoñecidos pola Constitución, **por riba de calquera lei ou poder**. Algúns gozaban do “dereito de amparo”. A Constitución de 1931 recolle os dereitos individuais clásicos, as liberdades de reunión e de asociación, ás que engade a liberdade de sindicación. Ademais de contemplar o dereito de sufraxio feminino, avoga expresamente pola renuncia á guerra e amplía os dereitos sociais. Recolle os dereitos ó traballo, á educación, ó divorcio, á equiparación dos fillos lexítimos e ilexítimos, ademais do dereito á saúde, a unha vivenda. Protección do Estado ós traballadores, seguros de enfermidade, accidente, maternidade, vacacións remuneradas... Recollía as garantías en caso de detención, as liberdades de residencia e circulación, a inviolabilidade de domicilio, o secreto da correspondencia, o dereito de petición, a liberdade de expresión e prensa...

As clases conservadoras e católicas non aceptarán xamais a Constitución e, ademais, a esquerda revolucionaria, **comunistas e anarquistas, ven insuficiente esta “democracia burguesa”**

DOCUMENTOS

A este desatino, sucedeu un silencio xeral e penoso. (...) O que sostivemos os non cataláns, e o que en definitiva prevaleceu co voto unánime, é dicir, incluso co dos cataláns, foi que a república non podía contraer máis compromiso previo con Cataluña que o de levar ao Parlamento Constituínte un Estatuto de Autonomía, sempre e cando o pobo catalán, consultado mediante eleccións libres, declarase que desexaba

esa autonomía. (...)

Pasouse logo ao exame do plano político. Tratouse da preparación do movemento revolucionario, en que poucos, moi poucos, tiñan fe, pero que se consideraba indispensable como arma de desgaste e sinal de alarma para os gobernantes. A continuación nomeouse o Comité executivo, que levaría a dirección da política republicana.

Miguel MAURA. **Así caeu Afonso XIII.** 1963

Son o rei de todos os españois e tamén un español. Atoparía medios sobrados para manter as miñas rexias prerrogativas en eficaz forcexo cos que a combaten. Pero, decididamente, quero apartarme de canto sexa lanzar a un compatriota contra outro en fratricida guerra civil. Non renuncio a ningún dos meus dereitos, porque máis que meus son depósito acumulado pola Historia, e da súa custodia pediránme un día conta rigorosa.

Para coñecer a auténtica e axeitada expresión da conciencia colectiva, encargo a un Goberno que a consulte, convocando Cortes constituíntes e, mentres fala a nación, suspendo deliberadamente o exercicio do poder real e apártome de España, recoñecéndoa así como señora dos seus destinos.

AFONSO XIII. **Manifesto.** 14-4-1931

[Na tarde do día 14] Chegamos preto de Cíbeles. A partir de alí tivemos que ir moi amodo, porque a rúa estaba chea de xente. Pronto fomos recoñecidos e alí comezou o noso calvario. Tardamos case dúas horas en percorrer o traxecto da rúa de Alcalá que une a praza de Cíbele coa Porta do Sol, é dicir, pouco máis dun quilómetro. O xentío abríanos camiño a forza de empurróns e apertóns, e subíanse nos estribos e aletas do meu coche (...).

Na Porta do Sol a aglomeración desbordaba xa toda medida imaxinable. Os farois, os tranvías para- dos no medio da praza, os balcóns e os tellados eran ocupados por innumerables acios humanos. Os gritos enxordecían. (...) Por fin chegou o meu coche ante a porta principal do Ministerio. A porta estaba pechada. No balcón principal, con asombro meu, ondeou de pronto a bandeira republicana (...). Ante a porta pechada só estabamos Largo Caballero e mais eu, rodeados, claro está, dunha masa vociferante que pedía que se abrisen as portas.

De súpeto, abríronse estas de par en par, e apareceu no vestíbulo un piquete da Garda Civil cerrando o paso. Púxenme serio diante deles, descubrinme e díxenlles:

—Señores: paso ao Goberno da República!

Os soldados, como se o tivesen ensaiado previamente, abriron paso e, en dúas filas, unha a cada lado, presentaron armas.

Miguel MAURA. **Así caeu Afonso XIII.** 1963 [castelán]

Ao pobo español: Foi proclamada a República en España. O nefasto Borbón que nos tiña a argola ao pescozo, tivo que deixar o poder. O Concello, a Deputación, Correos e Telégrafos están en mans do pobo. Para sancionar estes feitos, o pobo debe manifestarse na rúa.

Non nos entusiasma unha república burguesa, pero non consentiremos unha nova ditadura.

Contra unha posible reacción dos elementos armados o pobo debe estar en pé. Se a República quere consolidarse será indubidablemente contando coa organización obreira, do contrario non poderá.

CNT. **Manifesto.** Barcelona, 15-4-1931 [castelán]

España, en uso da súa soberanía, e representada polas Cortes Constituíntes, decreta e sanciona esta Constitución.

Art.1. España é unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de liberdade e de xustiza.

Os poderes de todos os seus órganos emanan do pobo.

A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos municipios e das rexións

A bandeira da República é vermella, marela e morada. (...)

Art.2. Todos os españois son iguais ante a lei. (...)

Art.3. O Estado español non ten relixión oficial.

Art.8. O Estado español, dentro dos límites irredutibles do seu territorio actual, estará integrado por municipios mancomunados en provincias e polas rexións que se constitúan en réxime de autonomía. (...)

Art.13. En ningún caso se admite a federación de rexións autónomas. (...)

Constitución de 1931.